


# FESTIVAL DE BANDAS

RIBADEO, 9 DE SETEMBRO. 7 DA TARDE. PRAZA DE ABAIXO



BANDA XUVENIL DE XINZO  
(PONTEAREAS)

BANDA SINFÓNICA DA  
AGRUPACION MUSICAL DE BENIAJÁN  
(MÚRCIA)

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

1995

CAIXA GALICIA

DIPUTACION PROVINCIAL  
LUGO

EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO



BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO  
ASOCIACION «AMADORES DA MUSICA»

**A** Banda Xuvenil de Xinzo (Ponteareas - Galiza), fundouse no ano 1979 polo mestre Guillén.

Ten actuado en varias ocasións na Comunidade Valenciana, en Madrid e mesmo en Lisboa. En 1986 gañou o 1º Prémio no Certame de Bandas celebrado en Cangas do Morrazo. Foi Banda piloto no primeiro curso de Dirección de Banda celebrado en Galiza, na vila de Ponteareas.

O seu Director é o mestre Bolívar González Rodríguez, quen foi alumno de Joam Trillo (Director da Xoven Orquestra de Galiza), de Henry Adams e de Marcel Van Bree.

Bolívar González formou parte da primeira Xunta Directiva da Federación de Bandas de Música Populares de Galiza. Foi ponente no Congreso de Bandas celebrado en Ribadeo en Novembro do pasado ano.

**A** Banda Sinfónica da Agrupación Musical de Beniaján (Múrcia) ten a sua orixe na Agrupación Musical Xuvenil que, na primavera de 1979, ficou constituida baixo a Dirección de Matías Trinidad Ramón, Clarinete solista da Banda de Infantería de Marina de Cartagena. Recollíase daquela unha tradición musical en Beniaján de case un século de historia.

Hoxe, en formación sinfónica, está formada a Banda de Beniaján por uns oitenta músicos dunha idade media de vinte anos. Leva dezasete anos organizando un Festival de Bandas, en cuxa última edición participou como convidada a Banda Municipal de Ribadeo.

En 1986 participou no programa de TVE «Gente Joven». En 1990, no Certame Internacional de L'Havre (Francia). En 1992 e 1993 gañou o 1º Prémio da 1ª do Certame Rexional de Bandas de Música de Múrcia, e en Xullo de 1994, o 1º Prémio (1ª Sección) do Certame Internacional de Bandas de Música Cidade de Valéncia.

A sua Escola de Música e máis a Banda están dirixidas na actualidade polo mestre José Miguel Rodilla, Catedrático de Clarinete do Conservatorio Superior de Música de Múrcia. José Miguel Rodilla nasceu en Lliria (Valéncia). É titulado superior en Clarinete, Composición e Dirección de Orquestra, nesta última especialidade polo Conservatorio de Roterdam (Holanda). Ten dirixido á Orquestra Sinfónica de Castilla e León, á Orquestra Cidade de Málaga, á Orquestra Bética de Sevilla, á Orquestra da Rexión de Múrcia, etc. Acaba de grabar un C.D. co grupo de música contemporánea «Concartus Novo», do que tamén é o Director.

**A** Banda Municipal de Ribadeo, promovida pola Asociación «Amadores da Música», apresentouse publicamente en concerto o 25 de Xaneiro de 1992. Desde un comezo, singularízase pola sua modernidade e pola concepción do seu quefacer ao abeiro de criterios absolutamente culturais e instrutivos, fuxindo das intervencións incidentais ou meramente amenizantes.

Na sua curta traxectoria, a Banda Municipal de Ribadeo ten ofrecido concertos no Teatro Colón da Coruña, na Praza da Quintana de Santiago, na Praza de Santa María de Lugo e en moitas vilas galegas. Ten grabado para a Rádio Galega e para o programa-concurso da TVG en emisión.

1995 está a ser o ano da sua proxección exterior: en Xaneiro actuou en Madrid (Auditório da Vaguada, Hotel Foxá e Praza Maior), en Abril fixoo en Barcelona (Provençals e Praza Real) e en Xullo participou no Festival de Bandas de Beniaján (Múrcia). En Novembro próximo tocará no Festival Ibérico de Bandas de Loures (Portugal).

A Municipal ribadense pretende grabar o seu primeiro CD a próxima primavera. Paulatinamente, como ten anunciado en repetidas ocasións, está a converter a sua formación en Banda Sinfónica: a sección de Violoncellos debuta neste Festival.

Dirixe a Banda o profesor Hernán Naval. Foi profesor do Conservatorio de Música de Viveiro. Entregado á docencia, ademais de á Banda, dirixe tamén a Escola Municipal de Música. Pratica a composición: no programa do Festival figura a sua última obra.

**BANDA XUVENIL  
DE XINZO  
(PONTEAREAS)**

**P R O G R A M A**

- Alborada galega ..... Pascual Veiga  
Variazioni in blue ..... Jacob de Haan  
Wonderful party ..... Richard Comello  
ABBA gold ..... Arr.: Ron Sèbregts  
Romaxe a Franqueira (Paso-doble) .R.I.M. Groba

BOLÍVAR GONZALEZ

DIRECTOR

**BANDA SINFÓNICA  
DA AGRUPACIÓN  
MUSICAL DE  
BENIAJÁN  
(MÚRCIA)**

**P R O G R A M A**

- Eduardo Borrás (Paso-doble) ..F. Esteve Pastor  
Obertura festiva .....Dmitri Shostakovich  
Camino Real .....Alfred Reed

JOSÉ MIGUEL RODILLA

DIRECTOR

**BANDA  
MUNICIPAL  
DE RIBADEO**

**P R O G R A M A**

- Pompa e circunstancia I .....Edward Elgar  
Xúpiter (da Suite Os Planetas) ....Gustav Holst  
King Arthur .....Keos Schoonenbeek  
I. Camelot Castle  
II. Lancelot  
III. Guinevere  
IV. Merlin  
V. Excalibur  
Lonxe do mar (Habanera) .....Hernán Naval  
Mambo Jambo .....D. Pérez Prado

HERNÁN NAVAL

DIRECTOR

méira  
abello &  
cambior



SOCIEDAD DE AGENCIA DE SEGUROS S.R.L.  
AG. 15-0535

Alza, 2 - 1º A • 27700 RIBADEO  
Teléfono-Fax (982) 100 372